

## CONVOCATORIA

### ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2026 DA UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP

**Venres 5 de xuño de 2026** – 10:30 horas en primeira convocatoria, **11:00 horas** en segunda.  
Cidade da Cultura. Edificio Fontán (Sala Eventos) | Monte Gaiás s/n.  
Santiago de Compostela

A Presidenta da **Unión de Cooperativas EspazoCoop**, previo acordo do Consello Reitor, procede a convocar a Asemblea Xeral Ordinaria de EspazoCoop, o venres **5 de xuño de 2026** en **Santiago de Compostela**, na **Cidade da Cultura**, no Edificio Fontán, na Sala Eventos (Monte Gaiás s/n Santiago de Compostela). Sendo a primeira convocatoria ás 10:30 h. e a segunda ás **11:00 h.**

#### Orde do Día:

**1| Benvida das asistentes**

**2| Memoria Social e Balance Social do exercicio 2025**

Informe das actividades realizadas e dos resultados acadados

**3| Informe de ingresos e gastos do exercicio 2025**

Presentación das contas e lectura do informe de auditoría

**4| Aprobación, se procede, das contas anuais do exercicio 2025 e da distribución de resultados**

Sométese a votación a aprobación das contas e o destino do resultado existente

**5| Presentación, debate e aprobación, se procede, do Plan de xestión, do exercicio 2026: actuacións e orzamento**

Proposta de actividades a realizar e proxecto de orzamentos, para este ano

**6| Cota asociativa, para 2026**

**7| Información sobre o proceso de planificación estratéxica**

**8| Información sobre a reforma da Lei de Cooperativas**

**9| Elección das persoas que asinarán a acta**

Tres persoas presentes na asemblea, deben asinar a acta, xunto coa presidenta e secretario da mesma

**10 | Rogos e preguntas**

Santiago de Compostela, a 18 de maio de 2026.



Asdo. Ana Olveira Blanco

**A partir das 10:30 h** ofreceremos un **café de benvida** e compartiremos un **petisco ao finalizar a asemblea.**

## **PARTICIPACIÓN NA ASEMBLEA**

Para participar na Asemblea, as persoas deberán **INSCRIBIRSE**, no formulario cuxo acceso aparece no correo enviado con esta convocatoria, ou tamén [neste enlace](#)

## **INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA**

Os Estatutos Sociais de EspazoCoop, establecen que:

### **Artigo 19.- Natureza e composición.**

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión (...). É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social. Os acordos da Asemblea Xeral, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión.

Representarán ás cooperativas, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou a persoa libremente designada ao efecto por cada cooperativa.

### **Artigo 24.- Dereito de voto**

- 1.- Cada cooperativa asociada terá un voto na asemblea xeral da Unión.
- 2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, a trinta e un de decembro do exercicio anterior

### **Artigo 41.- Aplicación dos excedentes orzamentarios de cada exercicio.**

O saldo dos excedentes que resulten do balance de peche, incorporaranse ao pasivo do balance de situación na partida de fondos propios como remanente ou reserva non repartible, destinada á consolidación da Unión, previo acordo da Asemblea Xeral. Será o Consello Reitor o órgano responsable da aplicación dese remanente de acordo coas necesidades da Unión.